



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Referencia: PEL-REDE COWORKING / 2025

Expediente convocatoria: 2024000034301

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PEL - REDE COWORKING CONCELLOS E ENTIDADES (PEL-REDE COWORKING / 2025)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "PEL - Rede Coworking Concellos e Entidades", e vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "PEL - Rede Coworking Concellos e Entidades", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "PEL - Rede Coworking Concellos e Entidades", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do PEL - Rede Coworking Concellos e Entidades, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 16 de decembro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da

tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA A DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING NO ANO 2025 (PEL-REDE COWORKING 2025), INCLUÍDAS NA LIÑA 2.2 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña no ano 2025
Persoas beneficiarias	Concellos e entidades sen ánimo de lucro titulares de espazos de traballo adheridos á Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña
Programa	PEL-REDE COWORKING/2025
Aplicación orzamentaria	0520/24100/46201-----204.000,00 € ----- Concellos 0520/24100/481 ----- 51.000,00 € ----- Entidades
Importe da convocatoria	255.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Máximo 54.000,00€
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 27. 000,00 €
Importe solicitado	Ata o 50% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	0,5
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (de aquí en adiante PEL), ten como obxectivos a mellora do emprego, a creación de empresas e o apoio ao emprendemento. Por este motivo decidiu poñer en marcha unha Rede Provincial de Coworking, integrada por centros de traballo colaborativo impulsados por concellos e entidades sen ánimo de lucro que dispoñen de instalacións para o seu uso como espazo de traballo colaborativo, ben sexan viveiros de empresas, centros de negocios, espazos de coworking ou obradoiros colaborativos de transformación agroalimentaria.

Estes espazos están deseñados para ofrecer módulos de traballo ou maquinaria de transformación a novas empresas e persoas emprendedoras, brindándolles servizos comúns que cobren as súas necesidades básicas e facilitan a posta en marcha e consolidación dos seus negocios durante os primeiros anos. O acceso temporal a estes recursos permite ás empresas emerxentes desenvolverse nunha contorna adecuada, favorecendo a súa competitividade no mercado.

A Rede Provincial de Coworking ten como propósito non só fomentar a creación e consolidación de novas empresas na provincia, senón tamén atraer talento, fomentar a innovación, poñer en valor os recursos locais e modernizar o tecido empresarial, especialmente no rural, mediante a oferta de servizos complementarios aos xa proporcionados por outras administracións públicas. Neste sentido, procurarase que as accións levadas a cabo no marco da Rede se coordinen coas iniciativas promovidas por outras administracións e/ou entidades públicas e privadas. Desta forma, garantirase unha complementariedade de esforzos que evite duplicidades, optimizando os recursos dispoñibles e xerando un ecosistema de apoio integral para o emprendemento.

En complemento a esta iniciativa, a Deputación segue apostando por un programa de emprendemento en colaboración con entidades do territorio expertas neste eido que ofrece recursos e servizos específicos para persoas emprendedoras, tales como asesoramento especializado, acceso a financiamento, formación e mentoría. Así mesmo, prevese que a colaboración interinstitucional xogue un papel clave no fortalecemento do ecosistema emprendedor da provincia, contribuíndo á diversificación da estrutura produtiva local e apoiando proxectos innovadores en sectores estratéxicos para o desenvolvemento socioeconómico provincial.

O obxectivo xeral dos servizos que se prestan a través dos distintos espazos da Rede é que aquelas persoas que accedan aos mesmos, no só teñan a posibilidade de utilización dun espazo físico, senón que se produza un enriquecemento dos seus proxectos e o xurdimento de novas ideas de negocio a través da interacción con outras persoas e da participación en determinadas accións formativas ou de dinamización.

Os fins que se pretenden con estes espazos, son:

- Fomentar a creación, posta en marcha e consolidación de novas empresas.
- Favorecer a xeración de emprego.
- Diversificar a estrutura produtiva local, promovendo a instalación de empresas de carácter innovador e en sectores estratéxicos para o desenvolvemento socioeconómico da provincia e a modernización empresarial.
- Crear un medio idóneo, en condicións de prezo e servizos, que permita ás iniciativas empresariais desenvolver o seu plan de empresa para que, cun tempo de estancia limitado, atópanse en situación de competir e de actuar en condicións de mercado.
- Fomentar o encontro entre persoas emprendedoras.
- Atraer o talento novo, promovendo o retorno ao rural e, por ende, loitar contra a despoboamento e envellecemento do territorio.

A Rede pretende funcionar de xeito eficiente, de maneira que as distintas sedes presten un servizo eficaz e coordinado non só no concello no que se empracen, senón tamén en concellos circundantes, ben atendendo aos límites administrativos da comarca, ben atendendo a outros criterios de eficiencia.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución da Presidencia da Deputación do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, do de outubro de 2024](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa contemplada na Base 1. Réxime Xurídico das *Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña* e a que aplique especificamente, como o [Protocolo Común de Actuación dos Espazos de Traballo Integrados na Rede Provincial](#).

Base 2. Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen por obxecto subvencionar os custos de funcionamento, xestión, e dinamización dos centros de coworking adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo da Deputación da Coruña.

A súa finalidade é que todos os espazos de traballo colaborativo da Rede Provincial da Deputación da Coruña funcionen de xeito dinámico, autosuficiente, eficiente e coordinado.

Base 3. Solicitantes

Son destinatarios destas axudas todos os concellos da provincia e entidades sen ánimo de lucro que contén con centros de traballo adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo no momento de publicación das presentes bases reguladoras.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables ao abeiro desta convocatoria aqueles gastos necesarios para a xestión, funcionamento e dinamización do espazo de traballo adherido á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo da Deputación da Coruña e

que se atopen dentro dos seguintes conceptos de gasto:

Conta	Descrición da conta dos gastos subvencionables para a realización de actividades
600	Compras de bens destinados á actividade: Compras de bens necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto desta subvención e que non teñan carácter inventariable, por exemplo: material escolar e para obradoiros, material de cursos de formación (carpetas, bolígrafos, manuais, material informático non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas: Necesarios para a prestación do servizo que constitúe o obxecto da actividade do coworking
623	Servizos de profesionais independentes: Servizos de profesionais independentes como relatores, asesores, publicistas, abogados, arquitectos, economistas, etc.
627	Publicidade, propaganda e relacións públicas: Material e servizos de difusión como cartelería, material de imprenta, publicidade en medios de comunicación, edición e publicación de libros, catálogos, etc. que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto desta subvención
640	Soldos e salarios (*)
642	Seguridade Social a cargo da entidade (*)

(*) Estes gastos soamente poderán ser solicitados por entidades sen ánimo de lucro, excluíndose os concellos

Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados coa xestión, funcionamento e dinamización do espazo de traballo adherido á Rede Provincial.

Non se subvencionan en ningún caso gastos de carácter xeral, indirectos ou propios do funcionamento ordinario da entidade solicitante.

Serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.

Para os **gastos de persoal**, únicamente se terán en conta os gastos do persoal contratado para as actividades directamente relacionadas coa xestión, funcionamento e dinamización do espazo de traballo adherido á Rede Provincial e deberá detallarse na memoria xustificativa a necesidade ou relación dos gastos de persoal co obxecto da subvención, indicando o detalle da xornada laboral imputada ao proxecto subvencionado e as tarefas levadas a cabo por cada persoa traballadora.

4.2 Período subvencionable

A execución das actividades deberá de ser realizada no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025. Fóra deste período o gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

Estas axudas son compatibles con todas as demais axudas do Plan de Emprego Local.

Ademais serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse nas bases xerais.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. Compromisos e obrigas específicos

Os concellos e as entidades beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- Comunicar a través da plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique aumento do importe da axuda concedida.
- Cumprir coas obrigas e requisitos esixidos nas presentes bases reguladoras e no [Protocolo Común de Actuación dos Espazos de Traballo Integrados na Rede Provincial](#).

7.2. Publicidade

O concello ou a entidade deberá cumprir cos requisitos de identidade establecidos no Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede provincial, mantendo unha imaxe homoxénea todos os centros de coworking integrantes da Rede, e comprometéndose a dar publicidade da pertenza á mesma, debendo constar sempre o logotipo da Deputación Provincial da Coruña, do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo en todas as comunicacións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, así como no material divulgativo das actividades do espazo.

Base 8. Valoración de solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Valoración de solicitudes

Para ter dereito á subvención o concello ou entidade titular do espazo de traballo colaborativo avaliaranse unha serie de criterios que se especifican a continuación.

As solicitudes serán analizadas e puntuadas baseándose nas memorias de presentadas e nos criterios de valoración que se sinalen na solicitude de SUBTeL. Todos os apartados deberán facer referencia ao momento temporal de presentación da solicitude.

A puntuación total para cada candidatura, independentemente da categoría á que se presente, será de 100 puntos como máximo. A subvención será concedida no caso de obter 50 puntos ou máis segundo o seguinte baremo:

CRITERIOS DE VALORACIÓN PEL-REDE COWORKING 2025			
	Criterio de valoración	Aspectos valorables	Puntuación máxima
1	Poboación do concello no que se atopa o espazo	Menor ou igual a 2.000 habitantes	40
		De 2.001 a 5.000 habitantes	35
		De 5.001 a 10.000 habitantes	30
		De 10.001 a 20.000 habitantes	25
		De 20.000 a 50.000 habitantes	20
		Maior de 50.000 habitantes	0
2	Tipoloxía do espazo (sinalar unha única opción)	Espazo de transformación agrícola, agropecuaria ou gandeira	20
		Coworking	10
		Viveiro de empresas	10
		Centro de negocios	10
2	Ter establecido un prezo polo uso do espazo	Non	0
		Si	10
4	Ter renunciado/sido obxecto de perda do dereito ao cobro desta subvención en anualidades anteriores	Non	10
		Si	0
5	Actuacións desenvolver/ desenvolvidas ao abeiro da subvención	Valorarase o especificado na memoria	20

8.2 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia competitiva.

A concesión realizarase mediante resolución da Presidencia da Deputación, previa comprobación pola unidade xestora da correcta presentación da solicitude e de superar o baremo mínimo para obter a condición de beneficiario/a, ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado. A resolución destas axudas terá carácter de concesión definitiva.

Base 9. Xustificación e pago

9.1. Xustificación da subvención.

O concello ou entidade beneficiaria da axuda deberá xustificar a través da plataforma telemática SUBTeL (no apartado Xustificación da súa solicitude) os gastos subvencionables realizados na anualidade 2025 achegando a documentación relativa á xustificación recollida no Anexo II. Documentación da xustificación.

9.2 Prazo de xustificación

O prazo para a presentación da xustificación da subvención rematará o 30 de abril de 2026.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Aplicarase o previsto na base 10ª das Bases Xerais.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I- Documentación da solicitude

Declaracións:

- Declaro que a entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás persoas solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria, na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña publicadas no BOP número 150 do 06 de agosto de 2024, nas Bases xerais dos programas de subvencións da Deputación publicadas no BOP número 190 do 02 de outubro de 2024 e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todos os compromisos e obrigas recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- Declaro que comunicarei a través da plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique aumento do importe da axuda concedida.
- Declaro cumprir coas obrigas e requisitos esixidos nas presentes bases reguladoras e no Protocolo Común de Actuación dos Espazos de Traballo Integrados na Rede Provincial.

- Declaro cumprir cos requisitos de identidade, mantendo unha imaxe homoxénea todos os espazos da Rede, e de dar publicidade da pertenza á mesma, debendo constar sempre o logotipo da Deputación Provincial da Coruña, do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo en todas as comunicacións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, así como no material divulgativo das actividades do espazo.

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Acreditación de que o concello ou entidade dispón do financiamento suficiente para cubrir a parte do orzamento do investimento ou actividade non financiada pola Deputación. No caso de concellos mediante a presentación do correspondente documento contable de "Retención de crédito", ou o compromiso firme de consignación no orzamento de 2025 do importe correspondente á achega municipal. e no caso de entidades mediante a presentación dun informe da persoa que sexa responsable da contabilidade da entidade
- Memoria explicativa que se referirá á actividade específica que se vai subvencionar, que incluírá o orzamento detallado de gastos da actividade, así como o calendario de realización das actividades (cronograma).
- Memoria de valoración, que deberá incluír tamén as actuacións desenvolvidas polo coworking grazas á concesión desta subvención en convocatorias anteriores e a previsión de actuacións futuras no caso de resultar beneficiario/a.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- No caso en que os gastos xustificadas adecuadamente non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: RENUNCIO á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: ACEPTO a sanción que corresponde e consinto en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

- Declaro que os gastos presentados no expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello/entidade.
- No caso de Concellos, declaro que a/as contratación/s realizada/s ao abeiro da convocatoria axustáronse á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Documentación:

A subvención concedida farase efectiva logo da presentación da seguinte documentación xustificativa do cumprimento das condicións e da consecución dos obxectivos previstos na concesión:

- No caso de concellos, certificación de que se axustou na súa actuación á Lei de Contratos do Sector Público e indicación do procedemento de contratación/adxudicación seguido.
- Memoria de actuación xustificativa das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación de todos os ingresos públicos ou privados, solicitados, concedidos ou obtidos para o mesmo obxecto.
- Acreditación da publicidade da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo en todos os documentos, actividades e demais materiais divulgativos xerados no marco das actividades obxecto da subvención.
- Impreso de comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar a Deputación Provincial da Coruña, salvo que este documento obre xa en poder da entidade provincial e non sufrirá ningunha modificación.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido (e asinado electronicamente) pola entidade bancaria correspondente, salvo que este documento obre xa en poder da entidade provincial e non sufrirá ningunha modificación.
- No caso de que proceda, declaración da entidade na que indique que se atopa exenta do IVE e, no seu caso, que está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible.
- A relación clasificada dos gastos, na que deberá achegar as facturas detalladas e con prezos unitarios correspondentes ás actividades realizadas ao abeiro da subvención e as nóminas co seu xustificante de pago e informe de “Cálculos globais do/a traballador/a” para os gastos das contratacións de traballadores/as destinados a estas actividades.
- Certificación de gastos: impreso descargable en SUBTeL que se xera automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- No caso de entidades que solicitaran as contas de Soldos e salarios e Seguridade Social a cargo da entidade:
 - Contrato de traballo e alta na Seguridade Social da persoa contratada
 - Nóminas da persoa contratada ao abeiro da subvención
 - Declaración da porcentaxe de xornada dedicada a labores de xestión, dinamización e coordinación do espazo de traballo colaborativo

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Son destinatarios destas axudas todos os concellos da provincia e entidades sen ánimo de lucro que contén con centros de traballo adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo no momento de publicación das presentes bases reguladoras.

Segundo. Obxecto

As bases teñen por obxecto subvencionar os custos de funcionamento, xestión, e dinamización dos centros de coworking adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo da Deputación da Coruña

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

Doscientos cincuenta e cinco mil euros

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 16 de decembro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Son destinatarios de estas axudas todos los ayuntamientos de la provincia y entidades sin ánimo de lucro que cuenten con centros de trabajo adheridos a la Red Provincial de Espacios de Trabajo Colaborativo en el momento de publicación de las presentes bases reguladoras.

Segundo. Objeto

Las bases tienen por objeto subvencionar los costes de funcionamiento, gestión, y dinamización de los centros de coworking adheridos a la Red Provincial de Espacios de Trabajo Colaborativo de la Diputación de A Coruña

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

Doscientos cincuenta y cinco mil euros

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 16 de diciembre de 2024, y finalizará a las

14:00 horas del día 16 de enero de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.